

A NOSA TRADICIÓN ORAL 15

O CURA Ó QUE SE LLE MARCHOU O SACRISTÁN

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0038_002_en_0_01_41_id684_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0038_002_en_0_01_41_id684.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE

Audio mp3, transcripción e comentarios

DATA DE RECOLLIDA: 1994-1995

LOCALIZACIÓN:

Lugar: Viladesuso
Parroquia: Oeste
Concello: Catoira
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Castaño Conde, María Elena
Idade no momento da recollida: 43 anos
Lugar e data de nacemento: ca. 1951

RECOLLEDORES: Santiago, Marcos, Alberto, Óscar e Pablo (alumnos I.B. de Carril, Vilagarcía de Arousa)

COMPILADORES Brea Rey, Xosé Ramón e Conde Coira, Pilar (profesores)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Outra transcripción en: *Escolma: C.Curas-11*. Páx. 21. Realizada por: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

Clasificación: Contos de curas

PALABRAS CHAVE

conto, cura, sacristán, abunda

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Nesto era un cura e marchoulle o [sa]cristán e tuvo que traer outro e o cura quíxose dar de listo. E entonses para ensinar ó sancristán as palabras. Dixo, a este vouno amolar eu. Díxolle:

- A ver rapas, ven pa' acá. Cómo lle chaman no teu pobo á augha?

- Alá auga.

- Pois aquí chámanlle abunda. E como se chama alá ó cura?

- Alá cura.

- Pois aquí meu deus. E como lle chaman alá á casa?

- Alá casa.

- Pois aquí chámanlle altamira. E como lle chaman ós ghatos?

- Alá ghatos.

- Pois aquí tríncala rata. E como lle chaman alá ás camas?

- Alá camas.

- Pois aquí vaso de alegoría. (...)

Pois... Di: - Éche ben serto, vai o vello morrendo e aprendendo. Porque eu non sabía tantas cousas, pero... este cura non me quere amolar a min? Si que me quere ho, porque non creo que sea así.

E o sacristán colle pola aldea adiante e a preghuntarlle á xente, e a xente falaba todo coma él.

- Pois deixa que vou amolar o cura, ho.

E colleu o ghatto, predeulle unha caldereta ó rabo, botoulle ghasolina na caldereta, predeulle lume e botoulle o ghatto polas escaleiras arriba e dille él desde abaixo:

- Aí vai o tríncala rata polos estantes arriba, levántateme meu Deus dese vaso de alegoría, que se non acudes con abunda altamira está perdida.

En esto o cura levántase da cama e empesa a gritar:

- Aghua.

E o sacristán d'abaixo:

- Abunda.

O cura d'arriba:

- Aghua.

E o sacristán d'abaixo:

- Abunda.

E amolouse o cura e quedou sen casa por sen tan listo, quedou sen nada e colorín colorado este conto está acabado.

